

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de abril de 2024**

Ás 18.40 horas do día 17 de abril de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a M.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 13 DE MARZO DE 2024.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de marzo de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 13 de marzo de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a María José Mangane Guede, do BNG, pregunta pola instalación dunha cámara no Castelo de Monterrei e que non encaixa visualmente con este patrimonio.

O **Sr. presidente** di que solicitará información sobre este asunto.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, roga que teña máis coidado a Deputación con certo tipo de publicacións como foi a incluída no Plan de Publicacións 2023, titulada *Eugenio Montes O Intelectual Silenciado*, xa que se trata dunha persoa vinculada ao fascismo e fundador da Falange, e é posible que a dita obra incumpra a Lei 20/2022 de memoria democrática.

O presidente contesta que é un tema que lles vino dado e evidentemente non vai haber ningún debate sobre este tipo de temas.

E, ás 18.44 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.